

NOTA DE PRENSA

A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos inaugura na Casa da Conga a exposición do proxecto divulgativo da nova arquitectura galega, *Metagénesix*

Este catálogo de obras sae do ámbito académico e achégase á sociedade como consumidora e usuaria de arquitectura

Carlos Mosquera e Alberte Pérez, comisarios:

“Nestes tempos aparece unha nova xeración de arquitectos alterada e alternante, formada maioritariamente en Galicia, que xera un gran optimismo pola calidade e cantidade dos seus traballos”

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2012 (Vía Láctea Comunicación).- A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia acolle esta tarde a apertura da mostra ***Metagénesix. Nova Arquitectura de Galicia***, ás 20:30 horas na sala de exposicións da sede colexial (Casa da Conga. Praza da Quintana, 3). A inauguración será presentada polos membros da Comisión de Cultura da Delegación compostelá, a súa presidenta **Idoia Camiruaga e Iván Andrés**; e os arquitectos e comisarios da exposición, **Carlos Mosquera e Alberte Pérez**.

A exposición, patrocinada polo Colexio de Arquitectos de Galicia e organizada polos arquitectos do estudio coruñés Trespes (Carlos Mosquera e Alberte Pérez) e Felipe Trillo e Ana Amado, recolle vinte traballos de dez arquitectos ou equipos de profesionais seleccionados a partir dunha convocatoria aberta á que se presentaron máis de 200 obras. Debido a cantidade e calidade das propostas decidiuse ampliar o proxecto Metagénesix apoiándose no programa cultural da Librería Formatos, ‘Intemción’, para dar voz a outros vinte arquitectos que agrupados impartiron charlas temáticas, “Oportunidades, Vivenda +, Espazo Dotacional, Rehabitación, Espazos de Atención”, e expuxeron as súas obras na librería durante a edición de 2011. Todos estas obras están recompilados nun catálogo. **A exposición permanecerá aberta no Colexio de Arquitectos ata o 19 de setembro, de luns a venres en horario de 11:00 a 14:00 horas.**

Baixo o título de Metagénesix preséntase unha mostra da nova arquitectura que se realiza en Galicia. Segundo os seus comisarios, nestes tempos de temores e inestabilidades, aparece unha nova xeración de arquitectos “alterada” e “alternante”, formada maioritariamente en Galicia, que xera un gran optimismo pola calidade e cantidade dos seus traballos. Trátase dun proxecto de difusión para poñer en valor o traballo realizado polos novos arquitectos. Metagénesix, que ten como antecedente as *Olladas de Perto*, organizadas na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña durante os últimos cinco anos, materializa a tentativa de saír do ámbito académico e achegarse á sociedade como consumidora e usuaria de arquitectura.

“No contexto actual de crise financeira e social ponse en cuestión a arquitectura mediática dos últimos anos onde primaba o espectáculo e o superfluo, que provocou a ampliación da fenda existente entre arquitecto e sociedade. É preciso que saia á superficie outro xeito de entender e proxectar unha arquitectura de proximidade que asuma as limitacións propias do momento, do lugar, do encargo, as inquedanzas do promotor para transformalas en oportunidades que xorden do local sen esquecer a realidade global na que se insiren e da que se nutren intelectualmente” –explican os comisarios–.

As actividades relacionadas coa mostra continuarán no mes de setembro. O martes, 18 de setembro, celebraranse unha serie de conferencias na sede do Colexio de Arquitectos de Galicia en Santiago da man dos estudos AsendeQuintáns, Arrokae Arquitectos e Estudio Nómada. Despois da súa exposición individual terán lugar unha mesa redonda e un debate.

➤ **Metagénesis. Obras da exposición**

1. Alfredo Sirvent. Vigo

Rehabilitación de vivenda illada en Arbo

Rehabilitación de edificio en Casco Histórico de Vigo

2. Cristina Asende e Carlos Quintáns. Asende Quintáns Estudio. Santiago de Compostela

Parque de San Frutuoso en Santiago de Compostela

Exposición de Arquitectura Gran de Area

3. Óscar e Iván Andrés. Estudio Arrokae. Santiago de Compostela

Rehabilitación de edificación para Escola de Deportes Náuticos de Abelleira (Muros)

Vivenda unifamiliar A Sionlla (Santiago)

4. María González e Jordi Castro. Estudio Castroferro. Vigo

Biblioteca pública municipal Manuel Altolaguirre (Málaga)

Edificio de vivendas protexidas en Navia (Asturias)

5. Beatriz Hermida e Tomás Valente. Estudio Erba. Ourense

Rehabilitación de casa para estudio vivenda

Rehabilitación de casa para turismo rural (Ourense)

6. José Antonio Vázquez, Elena Montero e Enrique de Santiago. Estudio Nómada. Santiago

Adegas. Dominio do Bibe (Ourense)

Cantina da Cidade da Cultura de Galicia

7. Marta Somoza. Allariz

Ampliación da Escola Infantil e acondicionamento de xardín (Allariz)

Pavimentos e mellorar dos espazos libres (Santa Mariña de Augas Santas. Allariz)

8. Óscar Pedrós. A Coruña

Biblioteca pública municipal de Os Rosales (A Coruña)

Ampliación do Centro municipal do Castrillón (A Coruña)

9. Iván Rivas. Estudio Oxixeno. Ferrol

Reforma da escola unitaria e transformación en centro cívico (San Sadurniño)

Grandas de Salime (Asturias)

10. Óscar López e Marta Prieto. UMU Estudio. Lugo e A Coruña

Rehabilitación do Hotel Comercio para vivendas para a xuventude (Monforte de Lemos)

Albergue de peregrinos no Camiño de Santiago (Palas de Rei. Lugo)

Esta mostra está patrocinada polo Colexio de Arquitectos de Galicia, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, Lledó iluminação e o Concello de Ourense, e conta coa colaboración e o apoio de Difusora de Letras, Artes e Ideas,

e *Librería Formatos*, entre outros. Máis información en www.metagenesix.blogspot.com

N.B.- Inclúe un resumo e fotografías das obras (Poden solicitarse máis imaxes)

SAÚDOS

Prensa Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia

981 55 44 07/ 636571913

www.coag.es